

Acordo CEL - Iberdrola

27/05/2021

Obxecto do acordo:

Convenio subscrito pola Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e a empresa Iberdrola en virtude do cal se ofrece ás empresas asociadas á CEL condicións preferentes en subministracións de enerxía así como outros produtos e servizos relacionados coa eficiencia enerxética.

Servizos:

- Ofrécese tratamento diferencial para os asociados da CEL, conforme á situación dos mercados enerxéticos, optimizando as actuacións respecto da regulación actual e ás características específicas de consumo de cada un deles.
- En relación co punto anterior, facilítanse condicións competitivas de contratación de enerxía eléctrica e outros produtos e servizos, servizos de análises dos contratos de electricidade para a súa optimización e diferentes descontos en subministracións eléctricas de gas en baixa tensión e presión específicos para as empresas da CEL.
- Igualmente, en virtude do convenio, Iberdrola oferta ás empresas lucenses interesadas servizos como Smart Solar, Smart Mobility, Smart Home, Cota Fixa, Factura Electrónica, Protección Eléctrica do Fogar, Servizo de Urxencias Eléctricas, Pack de Mantemento Gas ou Servizo de Orientación Xurídica, entre outros.
- Iberdrola comprométese, ademais, a proporcionar "Enerxía Verde", procedente de fontes renovables.

Procedemento para acollerse:

Se estás interesado en obter máis información sobre este acordo con Iberdrola (porcentaxe de descontos para asociados, características específicas dos servizos ofertados, etc.) contacta non nós no número de teléfono 982231150 para que podamos informarche e acreditar a túa condición de empresa asociada e ou proceder á comunicación de datos a Iberdrola para a aplicación das condicións contidas no convenio.

<http://www.cel.es/gl/documentacion/7261/acordo-cel-iberdrola/>